3-Que o concello de Baiona, así como os seus representantes na A.M.V esixen para participar e traballar para a A.M.V. a integración efectiva do transporte urban de Vigo no plan de transporte metropolitano de Galicia para que cese a discriminación dos nosos veciños no uso do mesmo.

---

**5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE RELATIVA Á DENOMINACIÓN DA BIBLIOTECA E ARQUIVO MUNICIPAL.**

**O SR.ALCALDE somete a votación a inclusión da presente moción na Orde do Día, resultando aprobada por unanimidade dos presentes.**

O Sr.Alcalde cede a palabra a **SRA.SANTOS, PSOE**, quen procede á lectura da seguinte:

**o Grupo Municipal Socialista**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante a finalización das obras de mellora da Biblioteca e Arquivo Municipal, é importante escoller un ha denominación axeitada a súa función. Un nome que sexa capaz de relacionar a historia da nosa vila coas letras e a cultura.

Eduardo Blanco Amor foi unha das voces máis acreditadas no desenvolvemento cultural que tiveron as letras galegas no primeiro tercio do século vinte. Escritor polifacético, impulsor da literatura para a emigración e creador dunha das nosas grandes obras narrativas, 11 A Esmorga 11 , coa que acadou o Zenit na súa progresión literaria. Son estes algúns dos feitos que concorren nunha inmemorable carreira intelectual, pero por riba de todo foi un gran amante de Baiona.

A pesar de que a vinculación de Eduardo Blanco Amor co noso Concello pode ser descoñecida, desfrutou de Baiona como turista en numerosas ocasións e incluso participou en pequenas campañas de pesca desenvolvéndose como mariñeiro (información ampliada no documento seguinte ). Esta aventura foi recollida nas súas crónicas publicadas en La Nación en marzo e abril de 1929 cos títulos "Seis días en el mar" e "Escenas de pesca en la costa galaico - portuguesa".

Polo exposto, esta figura das nosas letras, reúne os aspectos necesarios para telo máis que en conta á hora de renommer un espazo cultural como a Biblioteca e Arquivo de Baiona.

O Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta Moción**, para que se adopte o seguinte **ACORDO**

Que a Biblioteca e Arquivo Municipal leve o nome de **EDUARDO BLANCO AMOR**.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Agradecemos a iniciativa do PSOE, pero entendemos que habería que retirar esta moción por defecto de forma xa que no art.21 do Regulamento Especial de Protocolo e ceremonial do Excmo.Concello de Baiona a competencia para as distincións é da Comisión de Honores e Distincións, e a partir de ahí se elevaría ó Pleno o dictame de dita Comisión; co cal non corresponde ó Pleno iniciar este procedemento. Habería que convocar á Comisión de Honores e Distincións.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Nós non tiñamos ningún tipo de problema; pero como é unha cuestión legal e de forma evidentemente haberá que cumprir a legalidade e a forma.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**SRA.SANTOS, PSOE.-** Ben; pois que se traslade á Comisión.

**SR.ALCALDE.-** No se traslada desde el Pleno. Tienen que solicitarlo ustedes.

**O Sr.Alcaldede somete a votación a retirada da presente moción, resultando aprobada por unanimidade dita retirada.**

**6.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSOE E BNG RELATIVA A REINVERSIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.**

O Sr.Alcaldede cede a palabra ó **SR.GÓMEZ, PSOE**, quen procede á lectura da seguinte:

**O Grupo Municipal Socialista e Grupo Municipal do BNG**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presentan esta **MOCIÓN CONXUNTA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOPESF sinala que "as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario", mentres que o arto 32, referido ao destino do superávit, sinala que "este destinarase a reducir o nivel de endebedamento".

A lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir aos Concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financieramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto/Lei 2/2014, de 21 de Febreiro no seu DÁ 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posta que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobrante a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren o seu obxectivos pero non poden investir ese aforro.


Nestes momentos a administración local convertéronse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3 fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos Concellos, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir pondo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar.

Os gobernos locais son a administración máis próxima aos cidadáns, e máis nestes momentos de crises, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista e o Bloque Nacionalista Galego do Concello de Baiona presentan, para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal, a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:



EXCMO. CONCELLO  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

"Permitir que as entidades locais reinviden o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.

Reformar a fondo o marco legal e constitucional vixente en materia de estabilidade orzamentaria, orientando a política tributaria a promover a equidade social, impulsando a función de redistribución xusta da renda e da riqueza, e a política orzamentaria e de finanzas públicas a asegurar prioritariamente o financiamento dos servizos públicos esenciais para garantir o benestar social das maiorías sociais."

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Estamos dacordo en liñas xerais co que di a moción, pero para votar a favor queremos propoñer unha enmenda ó acordo. Procedo a leer o que propomos:

*- Manifestar que o esforzo realizado durante os 5 anos polas entidades locais apoiadas dun xeito decisivo polo Goberno de España, ten permitido que a día de hoxe a situación financeira das Facendas locais experimentase unha sensible maioría, de tal xeito que na actualidade un número importante de entes locais presentan superávit, sen que pola contra o nivel de débeda presente os niveis preocupantes que alomenos de xeito global supoñían en 2012.*

*1.- Instar ó Goberno de España a permitir que as Entidades Locais revistan o seu superávit en 2017 sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión e en todo caso que se flexibilicen as normas relativas á regra de gasto, en consonancia coa mellor situación financeira que presentan as entidades locais.*

**SR.PEREIRA, BNG.-** Dende o BNG queremos ser xustos e darlle o mérito a quen o ten; era unha moción orixinal do PSOE e nos puxemos en contacto con eles e participamos e non hubo ningún problema para chegar a un consenso. Por parte do BNG, como somos partícipes da moción, non estamos dacordo coa enmenda plantexada polo PP porque entendemos que choca un pouco co 2º punto que é o de "Reformar a fondo o marco legal e constitucional vixente en materia de estabilidade orzamentaria, orientando a política tributaria a promover a equidade social, impulsando a función de redistribución xusta da renda e da riqueza, e a política orzamentaria e de finanzas públicas a asegurar prioritariamente o financiamento dos servizos públicos esenciais para garantir o benestar social das maiorías sociais".


Entendemos que este 2º punto é básico porque estamos falando de modificar a lei, ou reformá-la, para poder reinvertir ese superávit que poidan ter os Concellos en cuestións sociais ou de servizos públicos, e a enmenda plantexada polo PP é bastante laxa, non se mete a fondo no que entendemos que é un escollo, a día de hoxe, que é a propia Lei, para poder permitir a redistribución xusta da riqueza.  
Pola nosa banda non vamos aceptar a enmenda.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Nosotros vamos a apoiarl-a aunque tuvimos conocimiento de ella en la Comisión Informativa. Nos parece bien todo lo que se pide, incluso iríamos más allá, estuvimos pensando en aportar alguna enmienda ampliando el tema, pero en principio tal y como está nos parece correcto todo lo que se pide y la vamos a apoyar.

**SR.GÓMEZ, PSOE.-** De entrada nós, con respecto á enmenda que quere presentar o grupo de goberno, coincidimos en todo cos compañeiros do BNG e polo tanto vamos a votar en contra desa enmenda.

O Sr.Alcalde somete a votación a enmenda presentada polo grupo de goberno, resultando: 9 votos a favor, PP; e 8 votos en contra, 4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON, polo cal fica aprobada a enmenda.

Acto seguido sométese a votación a Moción subscrita polos grupos municipais do PSOE E BNG, resultando: 8 votos a favor, 4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON; producíndose 9 abstencións,



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

E por isto que o Pleno por maioría simple adopta o seguinte acordo:

*"PRIMEIRO.- Instar ó Goberno de España a permitir que as Entidades Locais revistan o seu superávit en 2017 sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.*

*SEGUNDO.- Reformar a fondo o marco legal e constitucional vixente en materia de estabilidade orzamentaria, orientando a política tributaria a promover a equidade social, impulsando a función de redistribución xusta da renda e da riqueza, e a política orzamentaria e de finanzas públicas a asegurar prioritariamente o financiamento dos servizos públicos esenciais para garantir o benestar social das maiorías sociais".*

**7.- MOCIÓN DE URXENCIA.**

Polo Sr.Alcalde coméntase que houbo unha reunión cos portavoces da oposición debido á solicitude de D.ISIDRO COSTAS PIÑEIRO, actuando en nome propio e en representación da Federación Galega de Bolos, en calidade de presidente, na cal solicita o apoio da Corporación Municipal de Baiona para que OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración; e todos estiveron dacordo en presentála por unanimidade.

**VOTACIÓN DA URXENCIA.- Tal e como acordaron na reunión, tódolos grupos suscriben a moción; polo cal a urxencia fica aprobada por unanimidade.**

O **SR.ALCALDE** procede á lectura da seguinte:

**MOCIÓN RELATIVA Á DECLARACIÓN DOS BOLOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.**

O xogo dos bolos está presente nas catro provincias de Galicia, practicándose dende a antigüidade en case todos os nosos pobos, sendo numerosas as variantes e modalidades deste deporte e xogo tradicional. Na actualiade, algúns destes xogos gozan de boa saúde, outros están agonizantes ou case non se practican, e outros moitos xa desapareceron.

Este xogo foi practicado dende a prehistoria, onde se utilizaban como bolos ósos ou madeiras, e coma bolas pedras. Como referencia arqueolóxica temos un descubrimento que data do ano 5200 a.C., onde se atoparon 9 obxectos con forma de bolo de alabastro e 4 bolas de pórfido branco e negro. Tamén no ano 2007, un equipo de arqueólogos italianos, descubriron unha bolearia empedrada do ano 332 a.C., que data da dinastía Greco-romana.

En Europa aparecen numerosos escritos onde se fala da súa práctica, e onde se menciona que se xogaba dentro das igrexas e monasterios, onde os bolos simbolizaban o mal a cal había que derribar.

Atopáronse tamén numerosos petroglifos galegos nos Concellos de Oia, Rosal e Baiona, que pese a non ter estudos realizados para datar a súa antigüidade, nos indican que son moitas as variantes que existían. Tamén cabe destacar que os Bolos tiveron moitísima forza durante os séculos XIX e XX, practicándose en case toda Galicia durante as festas e feiras que se realizaban, e eran moitas as tabernas que para atraer ós clientes montaban unha boleira. Tamén foron levados para América pola emigración dos galegos/as os cales levaron a noso patrimonio cultural. Mostras diso son as modalidades que se practican nos Centros Galegos de Arxentina e Uruguai.

Na antigüidade era practicado por todas as clases sociais, dende nobres ata rapaces, proba diso, temola en numerosos escritos que nos deixaron escritores da talla de Cervantes, Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo, Juan Caro, entre outros, o os dous tapices que se encontran no museo da Catedral de Santiago dá época de Felipe II. Tamén se encontran citados en numerosos escritos realizados pola Igrexa e polo Estado prohibindo a súa práctica.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Fora dunha maneira ou outra, o certo é que os Bolos Celtas chegaron a nosa terra fai moitísimos séculos e entres nós levan dente entón. Como fruto desa convivencia e da súa práctica o longo de tantos anos estes sufriron unha evolución e unhas variacións que son propias e exclusivas da nosa terra, legado inmaterial dos nosos/as ancestros/as. Deste xeito os Bolos Celtas constituíronse como un patrimonio cultural e etnográfico de necesario recoñecemento e protección.

É COMETIDO DE TODOS/AS NÓS E DE TODOS OS ESTAMENTOS PÚBLICOS, A SÚA DIFUSIÓN, FOMENTO, DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN, POIS SE NON LLE POMOS SOLUCION DEIXARÁN DE EXISTIR A MAIORIA DESTAS MODALIDADES NUN CURTO ESPAZO DE TEMPO

Por todo o exposto e como queira que os bolos celtas son un xogo autoctono e milenario na nosa rexión, é polo que o Pleno do Concello de Baiona, por unanimidade, **ACORDA:**

**APROBAR a presente moción de apoio para que OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración.**

**SR.ALCALDE.-** Comentar que en Baiona hay muchísimo arraigo con el tema de los bolos celtas. Tenemos 6 clubes de bolos: el de Portamean; los de Medialdea, Urgal, Estivada, en Belesar; de la Rega, en Sabarís; y el de A Cela, de Baredo. Gracias a todos por apoyar esta moción por unanimidad.

O Sr.Alcalde somete a votación a presente moción, resultando aprobada por unanimidade.

E por isto que o Pleno por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- APROBAR a presente moción de apoio para que OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración.

2º.- Notificar o presente acordo á Federación Galega de Bolos, así como ao Parlamento Galego.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS DO PSG-PSOE.- SR.GÓMEZ.-**

1.- Na rúa Palos de la Frontera en dirección á Virxe da Rocha na aceira da dereita hai unha sinal de rotonda que está excesivamente metida ata dentro e de feito, sobre todo os días de choiva, pasar por ahí co paraguas é complicado; queremos saber si hai posibilidade de modificar a ubicación da mesma. Creo que hai posibilidade de botar esa sinal ata a parte de fora porque como dixen pasar por alí co paraguas é imposible.

##### **ROGOS DO BNG.- SR. IAGO PEREIRA.-**

1.- **ROGAMOS** que na humanización do centro urbano de Baiona se regulen formas de estacionamento, sobre todo para os residentes; intentando evidentemente que sexan de pago.

**SR.ALCALDE.-** As zonas azuis agora mesmo están en Carabela Pinta e Julián Valverde, son gratuítas, e si se pon algunha mais tamén será gratuíta.



EXCMO. CONCELLO  
D E  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**PREGUNTAS DO PSOE.- SR.GÓMEZ.-**

**1.- Despois de varios meses, onde a industria máis importante do noso pobo atravesaba unha situación "convulsa", estamos a falar da Cofradía de Baiona, e onde durante todo este tempo o grupo de goberno estivo e está ausente, preguntámoslle ó Sr.Alcalde:  
¿ Cál é a súa opinión, postura e se é que o hai, qué compromiso ten para mediar neste problema?.**

**SR.ALCALDE.-** En primer lugar decir que este equipo de goberno y en este caso este Alcalde, cuando hay problemáticas, como hemos comentado aquí, problemas serios con hay en este caso, pues nosotros nunca queremos sacar renta política. Eso lo primero.

Respecto a cual es mi opinión, pues imagino que la misma que la suya y la del resto de los que están aquí: que se solucione lo antes posible; que las partes lleguen a un acuerdo, y obviamente que se cumpla la ley. Es lo que tenemos que primar aquí como equipo de goberno.

Sobre el compromiso para mediar en este problema, no es una competencia municipal, desde luego; yo he tenido los contactos que he tenido. Decir que el alcalde y el equipo de goberno (el Concello es la entidad de todos los vecinos), que igual que atiendo a unos colectivos, pues si hay algún otro colectivo, alguna agrupación, ó alguno de los que están aquí presentes, que si hay algún problema me gustaría y les invito a que me pidan una cita, a mí ó al equipo de goberno; y podrán ver si se les acepta o se les deniega esa reunión; como he tenido esta semana con feriantes del mercado de Sabarís. Siempre estamos abiertos a ello y yo soy el primero que me ofrezco.

Sabemos que es un problema interno. Pero repito que si quieren saber de primera mano, quieren hablar conmigo, pues yo estoy aquí todos los días de la semana.

**2.- ¿Qué opinión ten o grupo de goberno e en concreto o Sr.Alcalde, respecto ó anteproxecto de Lei de Acuicultura da Xunta de Galicia, onde o noso Concello veráse afectado directamente por dita lei?  
Non sei si están ó tanto de que nos orzamentos da Xunta este ano hai unha partida importantísima destinada a ese anteproxecto de Lei, e queremos saber realmente cal é a súa opinión.**

**SR.ALCALDE.-** Como usted sabe es un texto tremendamente denso y técnico, y yo no soy técnico; pero lo que si decirle que estamos de acuerdo como está ahora; que haya una tramitación del anteproyecto con las partes implicadas, los bateiros, el sector del marisqueo, y como no, con las cofradías; eso es lo que se está viendo para que realmente sea un anteproyecto como tiene que ser.


**3.- Aparte de eliminar aparcamentos de superficie, e según leva saído na prensa nestes últimos días do ano 2016, a implantación da zona azul no noso Concello:  
¿Podería dicir se o grupo de goberno ten algún proxecto para facer rentabilizar o parking do Aral e solucionar o problema que está supoñendo para as arcas do Concello, cas pérdidas que está a dar?.**

**Antes de que conteste me gustaría facer aquí un inciso; nós pedimos documentación ó respecto e entendemos que non se axustaba o que pedíamos; de feito esta semana (ou a pasada) pedimos directamente un informe de Intervención de gastos, de ingresos, e de persoal. Gustaríanos ter ese informe para esclarecernos máis porque hoxe incluso ven publicado que houbo un negocio de 60.000 euros, digamos do propio parking; e como temos dúbidas pois gustaríanos que ese informe no lo aclarase. Grazas.**

**SR.ALCALDE.-** Usted habla de la palabra "negocio", a mi me gusta hablar de la palabra "gestión"; nosotros no somos gestores, este equipo de goberno no había gestionado un aparcamiento, pero obviamente desde que lo está haciendo pues como ya saben ustedes va mucho mejor, los datos son mucho mejores que como estaban con la empresa que lo gestionaba anteriormente.

En cuanto a la información entiendo que si ustedes piden una documentación se les tiene que dar completa.

**PREGUNTAS DE EU-SON.-SR.SILVANO MONTES.-**



**EXCMO. CONCELLO**  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

1.- No Pleno do pasado 1 de setembro este grupo municipal puxo de manifesto a fraude de lei que se venía comentando coas tarefas encomendadas ás persoas beneficiarias das becas concedidas nas distintas áreas do Concello, e apuntábase á necesidade de regularizar estas situacións incluíndo eses postos de traballo na RPT que neses momentos estaba en elaboración, o seu posterior elevación á oferta de emprego público, e a súa saída a concurso.

Non imos reiterar a consideración que lle mereceu ao Pleno a nosa proposta xa que se atopa perfectamente reflectida nas actas a posición de cada grupo político respecto diso.

Con data 15 de setembro produciuse unha inspección de traballo na biblioteca municipal, e no posterior requerimento efectuado pola mesma o 30 de novembro e con entrada no Concello o 7 de decembro se establece, tal e como había apuntado este grupo municipal, que a relación da persoa bolseira non era tal, senón que tratábase dunha relación laboral, coas consecuencias que se relatan no citado requerimento.

Despois do exposto:

¿Teñen decidido cumprir coa legalidade e aplicar o exisido polo requerimento aludido ao resto dos bolseiros?.

De non ser así, ¿en qué situación quedarían estes?.

**SR.ALCALDE.-** Este Concello, como no pode ser de outra maneira, sempre tiene que cumprir la legalidad. Con respecto a lo que me decía de los bolseiros, 4 de ellos tenían posibilidad una prórroga y no se les prorrogó el contrato.

**SR.SILVANO MONTES.-** En cuanto a la segunda pregunta: ¿en qué situación quedarían?; ahora mismo están en la calle; o sea que no se les ha prorrogado.

**SR.ALCALDE.-** Eran unas becas de 6 meses más otros 6; estuvieron esos 6 meses más y despues no se les prorrogó.

**PREGUNTAS.- SR. IAGO PEREIRA, BNG.-**

1.- Fai tempo fixemos un rogo sobre o tema de facer públicos os baños do Aral e nos dixeras que se estaba traballando nelo; quixeramos saber si xa hai algunha decisión, algunha idea.


**SR.ALCALDE.-** La intención del equipo de gobierno es colocar otro baño allí; de hecho la oficina de Turismo, que esperamos que se inaugure en breve, tiene unos baños propios, y como se había dicho en su momento lo que pretendemos es trasladar los otros que son públicos que están ahora mismo en el paseo de la Ribeira, a lado de la playa, llevándolos para allí. Lo que pasa es que no los podemos llevar hasta que no abra la oficina de Turismo.

**PREGUNTA DO PSOE.- SR.GÓMEZ.-**

¿Podo facer unha pregunta máis?. Gustaríanos saber que se está a facer no edificio do Museo da Navegación, na parte de atrás.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Eu creo que nos orzamentos municipais ía unha partida para facer un parque infantil e se está elaborando ese parque infantil con temática aproveitando a estrutura do barco, como se foxe un barco encallado en dúas islas. Supoño que sobre o 15 de xaneiro estará rematado.

**PREGUNTAS DE EU-SON.-SR.SILVANO MONTES.-**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**1.- Me gustaría saber como se atiende en la actualidad el Centro Antena, porque hay que recordar que según la ordenanza de funcionamiento el artículo 5 indica que la apertura del Centro "será sinalado polo órgano competente mantendo un mínimo de apertura de 32 horas semanais"; ¿quién se ocupa agora dese tema?.**

**SR.ALCALDE.-** Antes estaba el informático; ahora no está; tendremos que revisarlo. Estamos con la RPT, que en breve presentaremos, que esperemos que salga adelante; y también veremos con el plan de municipios de Diputación si hay algún puesto para cubrir allí; sino repito que con la RPT; estamos optimizando eso.

**2.- Si una concesión es multada por no cumplir los requisitos ¿hay opinión para poder renovarle tranquilamente la concesión, si es multada, reitero?.**

**SR.ALCALDE.-** Habría que ver el caso de que se trate, pero obviamente el equipo de gobierno siempre se basa en los informes jurídicos y técnicos.

**3.- La pregunta que hicimos en el Pleno anterior sobre si hay ó no convenios suscritos con asociaciones y demás para la cesión de locales, se quedó sin contestar. Esperamos ahora la contestación. Es muy fácil ¿hay convenios o no hay convenios?; si los hay, ¿porqué no se me dan?.**

**SR.ALCALDE.-** No vi esa pregunta. Sí; se le darán.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.

